



Centro: Conservatorio Profesional de Música de Vigo

Curso: 2018/2019

Identificación das partes interesadas nos centros educativos e dos seus requisitos.

Unha parte interesada é calquera organización, grupo ou persoa que poida afectar ou ser afectada pola actividade do centro.

As partes interesadas que son relevantes para o desenvolvemento das actividades do centro e que afectan o seu entorno son as seguintes.

- Equipo directivo.
 - Requisitos: Obter o máximo grao de satisfacción das partes interesadas.
- Alumnado.
 - Requisitos: Coñecer os contidos que se van a impartir e os criterios que se van a aplicar.
- Familias.
 - Requisitos: Coñecer os contidos que se van a impartir e os criterios que se van a aplicar. Coñecer as faltas e incidencias.
- Persoal do centro (Profesorado e PAS).
 - Requisitos: Coñecer equipos e instalacións dispoñibles e normas de usos.
- Provedores de bens e servizos. Enténdese por *provedor* aquelas persoas ou empresas que prestan o seu servizo no centro, a cambio dun beneficio económico ou dun recoñecemento de índole artística.
 - Requisitos: Cobrar no menor prazo posible. Contactar facilmente co centro. Vender o maior número de artigos ou servizos.
- Administración. O termo *administración* vai referido ao equipo directivo do centro, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería, e ás correspondentes Xefaturas Territoriais e Concellos.
 - Requisitos: Recibir poucas reclamacións.
- Outros centros educativos. Por unha banda, este apartado refírese a todos os CMUS (conservatorios de música), públicos e privados, e escolas de música, así como a todos os CDAN (conservatorios de danza), tamén de carácter público ou privado, e escolas de danza. Por outra banda, aquí englobanse todos os Institutos de Ensinanza Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato (IES), os Centros Públicos Integrados (CPIs con ensinanzas de Primaria e Secundaria), e os Centros de Educación Infantil e Primaria (CEIPs).
 - Requisitos: Coñecer a oferta dispoñible, modo de acceso e datos do centro.
- Institucións culturais, de música e de danza. Aquí caberían asociacións coma bandas municipais, orquestras, compañías de danza e programacións fomentadas ben por concellos





ou outros organismos públicos, e tamén de ente privada, os cales busquen a potenciación da música e danza, a través de programacións de todo tipo de actividades de carácter cultural (ex. audicións, seminarios, etc.).

- Requisitos: Dispoñer de alumnado con formación e disposición a colaborar. Darse a coñecer na comunidade educativa e na sociedade.

O centro educativo, na Revisión pola Dirección, fará unha análise dos riscos e oportunidades relacionadas coas partes interesadas segundo se indica no seguinte